



Concello de Cangas

"CLAUSURA CURSO ESCOLAR 16/17 NO CEIP ESPIÑEIRA DE ALDÁN"

O alumnado aproveitou para presentar o proxecto "A nosa charca", no que se pode atopar información sobre os animais que habitan na mesma.

Cangas, 22/06/2017

Esta mañá asistimos á clausura do curso escolar 16/17 nun lugar moi especial, o CEIP Espiñeira de Aldán. Coincidindo con este acto, o alumnado de 5º e 6º aproveitou a ocasión para presentar o seu proxecto "A nosa charca".

Trátase dun traballo de investigación no que os propios alumnos e alumnas identificaron os distintos animais presentes neste espazo, desenvolvendo un importante traballo de campo e buscando información de cada un deles. Hai dúas maneiras de acceder por medio do teléfono móbil: ben a través de códigos QR ou ben a través da aplicación de realidade aumentada Aurasma. Cada animal conta co seu propio código que nos traslada a unha ficha informativa do mesmo, e enfocando a imaxe veremos animacións e vídeos nos que o alumnado explica o mais salientable de cada un deles.

Cabe destacar que foi un traballo realizado integramente polos alumnos e alumnas do centro e que pode consultarse no blog <http://acharca.blogspot.com.es>.

Desde o Concello de Cangas felicitan a alumnado e profesorado por este fermoso proxecto elaborado durante todo o curso. Xoán C. Chillón, Concelleiro de Ensino e Deporte agradeceu "este tipo de experiencias, de contacto coa natureza e as novas tecnoloxías que sitúan ao CEIP Espiñeira como exemplo: o xardín de material reciclado, o parque botánico, a charca, etc".

A Concelleira de Obras e Servizos, Mercedes Giraldez, anunciou que durante este verán desde o Concello "imos a investir e apostar por este centro". Ademais, a propia dirección do colexio acometerá obras de acondicionamento de aulas, acometendo importantes cambios para o vindeiro curso.

Gabinete de Comunicación